

RESOLUCIÓN REITORAL DE 26 DE SETEMBRO DE 2018 POLA QUE SE CONVOCA O PROGRAMA DE APOIO A INICIATIVAS MUSICAIS (ENSAIAMOS) DURANTE O CURSO 2018/2019

O artigo 109 do Decreto 7/2010 de 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos desta Universidade (DOG do 02 de febreiro) establece que a Universidade arbitrará os medios necesarios para potenciar o seu compromiso coa reflexión intelectual, a creación e a difusión da cultura, así coma o apoio a iniciativas musicais, en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades, esta reitoría **RESOLVE**:

1. Facer pública a convocatoria para a dinamización de grupos musicais e solistas por medio dun local de ensaio no Teatro da Cidade Universitaria (Teatro Vidal Bolaño).
2. Ordenar a publicación da presente convocatoria, xunto coa súa normativa correspondente no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares e na páxina web <https://www.uvigo.gal/campus/cultura/musica/ensaiamos>.

A utilización deste local de ensaio solicitarase no modelo oficial (Anexo I), e presentarse nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas dende o 27 de setembro ata o 10 de outubro de 2018 as 14:00 horas. O modelo estará dispoñible na secretaría virtual.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producese a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 26 de setembro de 2018

O reitor

Por delegación R.R. do 21/06/2018 (D.O.G. do 28)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria



Natalia Caparrini Marín

Diligencia para facer constar que a presente resolución publícase no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo.

Vigo, 26 de setembro de 2018

Servizo de Xestión da Extensión Universitaria

Universitaria

Universidade de Vigo

Mª Teresa Vetoret Pena

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

000008735s1800001278

CSV

GEISER-b76a-4b29-567a-4e08-ae5c-9d69-d3a8-a84f

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

26/09/2018 10:25:07 Horario peninsular

Validez del documento

Original



BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DO PROGRAMA PARA O APOIO A INICIATIVAS MUSICAIS (ENSAIAMOS) DURANTE O CURSO 2018/2019

1. OBXECTO E CONDICIÓN XERAIS

Dende 2006 os grupos musicais e solistas dispoñen dun espazo gratuito para desenvolver o seu proxecto no Teatro da Cidade Universitaria (Teatro Vidal Bolaño).

O obxecto desta convocatoria é que os grupos musicais e solistas que estean interesados soliciten a utilización deste espazo para a realización dos seus ensaios.

A participación na presente convocatoria supón a aceptación das bases, que poderán ser interpretadas pola Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria naqueles aspectos non previstos nas mesmas.

2. REQUISITOS

Grupos musicais: O requisito mínimo imprescindible é que alomenos dous dos integrantes do grupo sexan membros da comunidade universitaria (alumnado, persoal de administración e servizo (PAS) ou persoal docente e investigador (PDI)) para grupos musicais de menos de 5 integrantes.

Se o grupo musical está composto por 5 ou mais compoñentes, alomenos 3 ten que pertencer á comunidade universitaria.

Cada grupo ten que designar un responsable (será o que presente a solicitude) como elemento de comunicación e coordinación co dinamizador do servizo, que ademais velará polo cumprimento das normas que se establezan e de boa conduta no desenvolvemento da actividade.

Os grupos deberán levar os seus instrumentos (excepto os que xa provea Extensión Universitaria) e entre eles, baquetas e cables.

Solistas: O requisito mínimo imprescindible é que sexa membro da comunidade universitaria (alumnado, PAS ou PDI).

As persoas solistas tamén poden apuntarse como solistas para:

- Formar entre as persoas solicitantes un novo grupo.
- Integrarse nalgún grupo que precise complementarse.

3. FUNCIÓNS DO SERVIZO DE APOIO A INICIATIVAS MUSICAIS

- Dinamización dos grupos musicais/solistas por medio dun local de ensaios establecido no Teatro da Cidade Univesitaria (Teatro Vidal Bolaño), cedendo o uso compartido dun equipamento inicial básico para a realización das sesións de ensaio.
- Apertura e peche do local asinado para ensaios no horario marcado.
- Montaxe e desmontaxe do equipamento básico dispoñible para a realización de ensaios contando co apoio dun dinamizador do servizo.



- Apoio aos grupos musicais/solistas con información de interese, posibilidade de usar un espazo WEB de comunicación cos participantes e de difusión nas carteleiras, e promoción para a realización de actividades por parte dos grupos.

4. EQUIPAMENTO BÁSICO PARA A REALIZACIÓN DE ENSAIOS SUMINISTRADO POLA UNIVERSIDADE

- Bateria de 5 corpos.
- 2 amplificadores combo de guitarra de 100w.
- Amplificador de baixo de 150w.
- Mesa de mezcla de 10 canais mono, 2 auxiliares e entradas e saídas RCA.
- 2 altosfalantes autoamplificados de 300w.
- 4 micrófonos cos seus respectivos soportes.
- Cableado básico.

5. HORARIOS DISPONIBLES (ORIENTATIVOS)

Os horarios dispoñibles (orientativos) a longo do curso 2018/2019 é o seguinte:

- Luns: de 12:00 a 15:00 h. e de 18:00 a 21:00 h.
- Martes: de 12:00 a 15:00 h. e de 16:00 a 21:00 h.
- Venres: de 13:00 a 15:00 h. e de 16:00 a 21:00 h.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas solicitantes (responsable do grupo musical/solista) deberán cubrir o formulario electrónico que se atopa na páxina web da Universidade de Vigo, a través da secretaria virtual <https://www.uvigo.gal/campus/cultura/musica/ensaiamos>, e presentalo debidamente asinado nos rexistros da universidade ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes é dende o **27 de setembro ata o 10 de outubro de 2018 as 14:00 horas.**

As persoas solicitantes se lles poderán requirir que acheguen os documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para a adxudicación dos horarios.



Os datos persoais recollidos na solicitude serán tratados pola Universidade de Vigo para a xestión desta convocatoria. O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo diante da que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición ou portabilidade dos datos.

7. DEFINICIÓN DE HORARIOS E RESOLUCIÓN

7.1 Xuntanza para a definición dos horarios

A xuntanza para definir horarios será o xoves, 11 de outubro de 2018, as 12:00 h., a asistencia é obrigatoria (nos grupos musicais e suficiente a asistencia dun integrante do grupo).

7.2 Resolución

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, unha vez examinadas estas e realizada a xuntanza para definir os horarios, o Servizo de Xestión da Extensión Universitaria publicará a listaxe provisoria de solicitudes admitidas, indicando o horario establecido e as excluídas, sinalando os motivos de exclusión. As persoas interesadas disporán de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao de publicación para emendar os erros, presentado escrito de alegacións a través dos rexistros da Universidade.

8. DEFINICIÓN DE HORARIOS E RESOLUCIÓN

O horario establecido para cada grupo musical/solista será revogado polos seguintes motivos:

- A ocultación ou falseamento de datos, a súa alteración ou calquera información solicitada.
- O incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria.

9. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para o exercicio das funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

A persoa solicitante está de acordo en que os seus datos sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa, a oferta e a prestación de servizos administrativos, a realización de estatísticas, avaliacións e enquisas do seguimento dos servizos universitarios prestados.

O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exerceranse ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia – Servizos Centrais, campus Universitario, s/n 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



ANEXO I (Impreso de solicitude)

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE APOIO A INICIATIVAS MUSICAIS (ENSAIAMOS) DURANTE O CURSO 2018/2019

GRUPOS MUSICAIS (encher para os grupos musicais)

Nome do grupo:
Número de compoñentes:
Estilo musical:

RESPONSABLE DO GRUPO MUSICAL (ten que ser un membro da comunidade universitaria)

Apelidos e nome do responsable do grupo musical (ten que ser un membro da comunidade universitaria):		DNI/NIE:
Teléfono de contacto:	Correo electrónico:	
Colectivo ao que pertences : Alumnado // PAS // PDI		
Centro onde estás matriculado (só para o alumnado):		
Centro de traballo (só para PAS e PDI):		

DATOS DO RESTO DO GRUPO MUSICAL

Apelidos e nome do 2º membro do grupo musical (ten que ser un membro da comunidade universitaria):
DNI/NIE do 2º membro do grupo musical:
Colectivo ao que pertence o 2º membro do grupo musical: Alumnado // PAS // PDI



Apelidos e nome do 3º membro do grupo musical (ten que ser un membro da comunidade universitaria se son 5 ou mais compoñentes):
DNI/NIE do 3º membro do grupo musical:
Colectivo ao que pertence o 3º membro do grupo musical: Alumnado // PAS // PDI

Apelidos e nome do 4º membro do grupo musical
DNI/NIE do 4º membro do grupo musical:
Pertence á comunidade universitaria o 4º membro do grupo musical: SI // NON

Apelidos e nome do 5º membro do grupo musical
DNI/NIE do 5º membro do grupo musical:
Pertence á comunidade universitaria o 5º membro do grupo musical: SI // NON

Apelidos e nome do 6º membro do grupo musical
DNI/NIE do 6º membro do grupo musical:
Pertence á comunidade universitaria o 6º membro do grupo musical: SI // NON

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

000008735s1800001278

CSV

GEISER-e737-1687-a45d-4775-8525-5fa9-7d1c-8da6

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

26/09/2018 10:25:07 Horario peninsular

Validez del documento

Copia Electrónica Auténtica



HORARIOS DISPONIBLES (ORIENTATIVOS): Durante todo o curso escolar:

- Luns: de 12:00 a 15:00 h. e de 18:00 a 21:00 h.
- Martes: de 12:00 a 15:00 h. e de 18:00 a 21:00 h.
- Venres: de 13:00 a 15:00 h. e de 16:00 a 21:00 h.

HORARIO SOLICITADO (orientativo)

Días da semana:	Luns / Martes / Mércores / Xoves / Venres
Especifica un horario orientativo:	de h. a h.
Especifica un horario orientativo:	de h. a h.
Especifica un horario orientativo:	de h. a h.

II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

A persoa abaixo asinante manifesta:

- Que todos os datos da solicitude son certos e se compromete a achegar os documentos que así o acrediten.
- Que son a persoa de comunicación e coordinación co dinamizador do servizo e que velarei polo cumprimento das normas que se establezan e de boa conduta no desenvolvemento da actividade.
- Levaremos os nosos instrumentos (excepto os que xa provea Extensión Universitaria) e entre eles, baquetas e cables.
- Que coñece e entende todos os termos da convocatoria, onde se expresa, tamén, que a ocultación ou falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

III. PRESENTACION

Este impreso débese asinar e presentar nos Rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

En, de de 2018

Sinatura:

(nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude)

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

000008735s1800001278

CSV

GEISER-e737-1687-a45d-4775-8525-5fa9-7d1c-8da6

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

26/09/2018 10:25:07 Horario peninsular

Validez del documento

Copia Electrónica Auténtica



SOLISTAS (encher para a persoa solista)

Apelidos e nome da persoa solista (ten que ser un membro da comunidade universitaria):		DNI/NIE:
Instrumento musical:		
Teléfono de contacto:	Correo electrónico:	
Colectivo ao que pertences : Alumnado // PAS // PDI		
Centro onde estás matriculado (so para o alumnado):		
Centro de traballo (só para PAS e PDI):		

HORARIOS DISPONIBLES (ORIENTATIVOS): Durante todo o curso escolar:

- Luns: de 12:00 a 15:00 h. e de 18:00 a 21:00 h.
- Martes: de 12:00 a 15:00 h. e de 18:00 a 21:00 h.
- Venres: de 13:00 a 15:00 h. e de 16:00 a 21:00 h.

HORARIO SOLICITADO (orientativo)

Días da semana:	Luns / Martes / Mércores / Xoves / Venres
Especifica un horario orientativo: de	h. a h.
Especifica un horario orientativo: de	h. a h.
Especifica un horario orientativo: de	h. a h.

II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

A persoa abaixo asinante manifesta:

- Que todos os datos da solicitude son certos e se compromete a achegar os documentos que así o acrediten.
- Que velarei polo cumprimento das normas que se establezan e de boa conduta no desenvolvemento da actividade.
- Que coñece e entende todos os termos da convocatoria, onde se expresa, tamén, que a ocultación ou falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

IV. PRESENTACIÓN

Este impreso débese asinar e presentar nos Rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

En, de de 2018

Sinatura:

(nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude)

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

000008735s1800001278

CSV

GEISER-e737-1687-a45d-4775-8525-5fa9-7d1c-8da6

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

26/09/2018 10:25:07 Horario peninsular

Validez del documento

Copia Electrónica Auténtica

